



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

Teléf.: Administración 988 20 10 23 - 988 20 18 03 - Servizos Sociais 988 20 11 22 - Ofic. Cultura 988 20 15 25
Fax 988 20 11 20 www.nogueiraderamuin.com Fax 988 20 18 15 - Estda. Nogueira, 3 - 32160 OURENSE

2024

Coidando e protexendo o medio ambiente.

MEMORIA XUSTIFICATIVA.

Lucía González Fernández

Introdución

Este proxecto trátase dun estudo de desenvolvemento comunitario que xorde tras detectar a gran deforestación que hai no ámbito rural. Enténdese como deforestación aquel proceso provocado polo home mediante o cal se rebaixa a masa forestal, normalmente co obxectivo de cambiar a actividade a que se vai abdicar a terra.

A perda das masas forestais ten a súa principal orixe nas actividades humanas aínda que tamén se pode ver influenciada por causas naturais como poden ser os cambios climáticos ou a desertización.

Por esta razón, as ameazas que xorden nos bosques do planeta son un dos maiores problemas de sustentabilidade da nosa época. Se facemos fincapé na deforestación e na degradación forestal reflexada sobre todo nas zonas tropicais pódese observar que ámbalas dúas son as causas principais da diminución da biodiversidade sendo a expansión dos terreos agrícolas os responsables do case 80% desta deforestación mundial. Polo tanto, as emisións derivadas do cambio do uso da terra son a segunda causa do cambio climático, trala queima de combustibles fósiles e representa polo menos o 12% de todas as emisións de gases de efecto invernadoiro.

A deforestación tamén pode ter graves repercusións nos medios de subsistencia das persoas máis vulnerables, en particular nos pobos indíxenas que dependen enormemente dos ecosistemas forestais.

Por conseguinte, a deforestación e a degradación forestal vense impulsadas por varios factores, entre eles están a gran demanda do aumento dos alimentos, bioenerxía e outros produtos básicos que exercen unha presión cada vez maior sobre o uso da terra e polo tanto poñen en perigo a existencia dos bosques no mundo. Para poder acortar o problema defendeuse o concepto de produtos con “deforestación importada ou incorporada” que vincula o consumo masivo de ditos produtos coa deforestación que causen ó producirse. Asemade, enténdese a deforestación incorporada, como a extinción, dun



produto ou servizo producido, comercializado ou consumido. Aínda que, a maioría destes produtos básicos se consumen a nivel local ou rexional, existen diferentes informes que estiman que na Unión Europea o consumo de produtos con “ deforestación importada” representan entre o 10-16% do total.

É por este motivo que, a nivel Europeo e internacional se puxeron novos compromisos e accións para facer fronte á problemática de deforestación e degradación forestal mundial. O problema da desaparición e a degradación dos bosques non só supón unha ameaza para a economía, senón tamén para a propia humanidade.

Deste modo, entendemos que non existe unha solución válida, tanto a loita contra a deforestación como o manexo forestal sostible son retos complexos. As solucións deben ser específicas para cada país e rexión, co dobre obxectivo xeral de protexer os bosques existentes, especialmente os bosques primarios. Promovendo o aumento dunha cobertura boscosa sostible que permita fomentar a diversidade biolóxica en todo o mundo.

Trala problemática exposta con anterioridade, xorde a idea de crear un proxecto que interveña na reforestación do Concello de Nogueira de Ramuín.

A temática principal deste proxecto foi concienciar a toda a poboación sobre a importancia de acadar a sustentabilidade no medio ambiente. Foi destinado a toda a poboación independentemente da súa idade o que nos permitiu favorecer as relacións interpersoais entre os participantes e concienciar a importancia da sustentabilidade no medio ambiente.

Polo tanto, leváronse a cabo **14 actividades**(distribuídas en varias sesións e días cada unha delas) comprendidas entre os meses de **Marzo, Abril, Maio, Xuño, Xullo, Agosto, Setembro e Outubro.**

Para inicialo contouse coa colaboración de **4 persoas voluntarias** que comprenderon as ideades de entre os 16 e os 55 anos e a coordinadora do proxecto que foi a Educadora Social contratada para isto.



Financiado por la
Unión Europea
NextGenerationEU



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN
Teléfono: Administración 988 20 10 23 - 988 20 10 03 - Servizos Sociais 988 20 11 22 - Ofi. Cultura 988 20 13 25
Fax: 988 20 11 20 - www.concellode nogueira.com - Fax: 988 20 18 10 - Correo: Nogueira_3_33160@Ourense.es

Contextualización

O concello de Nogueira de Ramuín está integrado na comarca de Ourense e forma parte da denominada Ribeira Sacra. Ten unha extensión de 98,31 km² e unha poboación de 2067 habitantes segundo o censo do ano 2021. A cabeceira municipal da poboación de Luíntra (632m sobre o nivel do mar), a unha distancia de 19km da capital ourensá.

Xeograficamente sitúase no límite da provincia de Ourense, lindando cos concellos de Esgos, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa e Xunqueira de Espadañedo, e os de Pantón e Sober en Lugo.

Ocupa a confluencia dos ríos Miño e Sil. Limita ao sur coa depresión ourensá, distribuíndose polas ladeiras da divisoria entre aqueles dos grandes ríos desde as ladeiras de Cabeza de Meda (1.320m). Abarca tamén a cabeceira do río Loña, incluíndo por o este, e un pequeno tramo do val do río Arnoia.

As trece parroquias que conforman o municipio son: Armaríz (San Cristovo), A Carballeira (San Xosé), Cerreda (Santiago), Faramontaos (Santa María), Loña do Monte (San Salvador), Luíntra (Santa Baia), Moura (San Xoán), Nogueira (San Martiño), San Miguel Do Campo, Santo Estevo de Ribas de Sil, Santa Cruz de Rubiacós, Vilar de Cerreda (Santa Baia), Viñoás(Santa María).

Na súa totalidade Nogueira de Ramuín conta cun rico patrimonio natural e destácanse bosques de carballo, bidueiro e castañeiros. As vertentes que asoman ao Miño e ao Sil, ofrecen unhas espectaculares panorámicas, sobre todo as que mostran a maxestuosidade do Canón do Sil. Existe tamén unha gran diversidade de fauna, proporcionada polo entorno rural descrito, que favorece o sustento, o abrigo e a seguridade.

Tamén existe unha interesante xeoloxía coas singulares formacións graníticas, froito da actividade dos elementos durante millóns de anos.

Ademais, como todo o rural galego, este municipio conta cun interesante patrimonio etnográfico, con pequenos pobos e aldeas cun encanto especial e que nos seguen mostrando moitos elementos que nos trasladan no tempo



(arquitectura popular, hórreos, eras, muíños hidráulicos, lavadoiros públicos, palleiras...).

O patrimonio cultural e artístico, encabezado polo máis importante mosteiro da Ribeira Sacra, *Santo Estevo de Ribas do Sil* (monumento nacional dende o ano 1923 e ben de interese cultural dende 1985).

Igrexas románicas como San Martiño de Nogueira ou San Cristovo de Armaríz, barrocas como a de Sta. María de Faramontaos, ermidas como a Virxe do Monte, A Virxe da Costria, ou a do Carpezal, petos de ánimas, cruceiros, petroglifos, necrópole megalítica como a de As Cabanas de Moura e outros, veñen a enriquecer a gran oferta turística deste enclave.

Como municipio turístico que é, Nogueira de Ramuín conta cun dos establecementos hoteleiros mellor valorados de España, o Parador Nacional de Santo Estevo. O embarcadoro máis importante é o do encoro de Santo Estevo e dende onde parten as embarcacións que fan os traxectos fluviais polo Canón Do Sil e que transporta a máis de 60.000 visitantes ao ano. Ademais, dispón dunha oferta de hoteis e casas de turismo rural ou de vivendas e apartamentos turísticos.

Para completar esta oferta a aquelas persoas que visiten Nogueira de Ramuín, e á súa cabeceira municipal, Luíntra, dispoñen dun área recreativa, pavillón deportivo e piscinas municipais, área de auto caravanas en tránsito e servizos coma centro de saúde, farmacia, supermercados, carnicería, panadería, restaurantes, gasolineras, ferreterías e outros.



Financiado por la
Unión Europea
NextGenerationEU



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN
Teléfono: Administración 988 20 10 23 - 988 20 10 03 - Servizos Sociais 988 20 11 22 - Ofi. Cultura 988 20 13 25
Fax 988 20 11 20 - www.concellodearaujo.com Fax 988 20 18 10 - Escola, Nogueira, 2 - 32160 OURENSE

Persoas voluntarias

En canto as persoas voluntarias non serán as mesmas que no 2022-2023 debido a gran demanda de persoas que quixeron participar neste proxecto. As **4 persoas voluntarias** que se elixiron foron dúas persoas menores de 50 anos e dúas maiores para participar no proxecto "***Coidando e protexendo o medio ambiente***".

Actividades

Nesta segunda vertente do proxecto centrouse na distribución e posta en marcha das actividades que neste caso foron **14 xornadas** desenroladas en diversas sesións que comprenderon os meses de Marzo ata Outubro que están reflectidos no cronograma.

As actividades foron levadas a cabo por as **4 persoas voluntarias e a Educadora Social** que se nomearon o inicio do proxecto.



Financiado por la
Unión Europea
NextGenerationEU



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN
Teléfono: Administración 988 20 10 23 - 988 20 10 03 - Servizo Social 988 20 11 22 - Ofc. Cultura 988 20 13 25
Fax: 988 20 11 20 - www.concellode nogueira.com - Fax: 988 20 18 10 - Correo: info@concellode nogueira.com

• **4 e 5 de marzo:** levouse a cabo a planificación das actividades que se realizaron.

1

• **15,18,19 e 20 de marzo:** *Charla informativa sobre a importancia da sustentabilidade no medio ambiente.* Dita actividade estivo dirixida por a Educadora Social e as **4 persoas voluntarias**. Os destinatarios foron os nenos/as do colexio de Luíntra e os maiores da residencia de San Martín de Luíntra. Para levala a cabo o que se utilizou foi un power point deseñado por a **Educadora Social** e que finalmente foi impartido por **as 4 persoas voluntarias**. A finalidade desta charla consistiu en concienciar as persoas que asistirón da problemática existente na nosa entorna con respecto a crise climática pola que estamos a pasar e polo tato a necesidade de conseguir a plena sustentabilidade.

2

• **8,9,10,16 e 17 de Abril:** **Elabórouse un obradoiro destinado a ensinar a reciclar** aos nenos/as do colexio de Luíntra acompañados dos maiores da residencia San Martín de Luíntra. Esta idea xurdiu debido o gran descoñecemento que ten a poboación sobre a reciclaxe. O inicio da actividade, foi levada a cabo por as **4 persoas voluntarias** que se encargaron de recoller diferentes obxectos feitos de distintos materiais para despois depositalos nos contedores que os nenos/as do colexio construíron con caixas de cartón que foron pintadas de diferentes cores para despois depositalos nos contedores en función dos materiais dos que esten feitos para a súa reciclaxe. Na segunda parte da actividade, os nenos/as coa axuda dos maiores da residencia foron depositando os obxectos nos contedores que eles creían que eran os correctos. O finalizar a actividade, tiveron que porse de acordo entre todos para ver si realmente ese obxecto estaba ben depositado nese contenedor; e así, poder ter unha conclusión final a cal tivo unha dobre vertiente. Por un lado, reafirmarnos o gran descoñecemento que temos sobre os contedores onde debemos depositalos obxectos e por outro a importancia que ten depositalos de maneira correcta.



3

- **25,26 e 29 de Abril** nestes días o que se fixo foi unha ruta polo embarcadoiro de Cachamuiña. A actividade foi guiada por as **4 persoas voluntarias** que se encargaron de repartir a cada un dos neno/as do colexio de Luíntra un papel e un boli onde foron anotando aquilo que veron relacionado co coidado do medio ambiente, por exemplo: plantas, flores ou árbores e outros que contaminan e danan como plásticos, redes, vidrios.. ao rematar fixose unha análise do percorrido do embalse e puxeron en común cantos elementos había dun e doutros para poder analizala situación e darlle unha solución. Finalmente, chegase a conclusión de que a reforestación das zonas forestais é necesaria para mellorala sustentabilidade medioambiental.

4

- **1,2,6,7 e 8 de Maio** nesta actividade participaron as **4 persoas voluntarias e a Educadora Social** que foi a encargada de supervisar a actividade. os voluntarios encargaronse de repartir a todos os nenos/as do colexio de Luíntra e os maiores da residencia San Martín de Luíntra debuxos sobre elementos da natureza como plantas, árbores e tamén sobre residuos ou materiais que contamiñen a atmosfera. Por exemplo, certos gases residuais. Unha vez, todos teñan rematados os debuxos o que se fixo foron varias preguntas que diron lugar a un pequeno debate onde destacou a problemática de utilizar materiais perxudiciais para o noso planeta e sobre todo a importancia de sabelos diferenciar.

5

- **22 e 23 de Maio** levouse a cabo a visualización dun documental no colexio de Luíntra que tivo como espectadores os nenos/as do colexio de Luíntra e como convidados os maiores da residencia de Luíntra. Unha vez, que rematado o documental as **4 persoas voluntarias** foron as encargadas de facer unhas preguntas ca intención de concienciar as persoas da importancia de participar en proxectos ecolóxicos para a mellora do sistema. Non obstante, esta actividade permitiu conseguir un ambiente mais distendido entre maiores e nenos no que se puideron afianzas as súas relacións interpersoais.



6

- **3,4 de Xuño as 4 persoas voluntarias e a Educadora Social** foron as encargadas de programar unha charla informativa sobre a importancia de aforrar auga mediante un power point que tivo como finalidade concienciar os nenos/as do concello de Luíntra e os maiores da residencia de San Martín. Como conclusión, destacou a gran importancia de diminuír o consumo de auga, xa que na nosa contorna é un ben moi preciado pero as veces tamén moi escaso.

7

- **10, 11 e 12 de Xuño** levouse a cabo unha charla informativa sobre a importancia de non malgastar a auga. os destinatarios foron os nenos/as do colexio de Luíntra e os maiores da residencia de San Martín de Luíntra. Esta sesión, tivo unha dobre intención por un lado o feito de xuntar a ambos colectivos permite favorecer as relacións interpersoais e tamén permite os maiores instruír os máis cativos sobre as recomendacións necesarias para non verter a auga.

8

- **3,8 y 9 de Xullo** iniciase a actividade de sementar unha horta no invernadoiro do colexio de Luíntra. Para elo, as **4 persoas voluntarias** xunto coa **Educadora Social** encargaronse de mercar as sementes necesarias: leitugas, tomates, pementos... unha vez mercados, os maiores da residencia de luíntra coa axuda dos máis cativos fixeron os regos onde máis tarde se prantaron as sementes. A medida que se ían prantando, os maiores dabanlle os pequenos unhas recomendacións de como coidar aquelas hortalizas para obter froitos. Unha vez rematou a plantación os cativos foron os encargados de regar cada dous días o invernadoiro e ir recollendo a recolecta que foran dando.



9

- **19,22,23 e 24 de Xullo** iniciase unha actividade para ensinar os nenos/as do colexio de Luíntra a importancia que ten a terra sobre o ser humano e como se pode crear un mundo sostible. A actividade, estivo guiada por as **4 persoas voluntarias e a Educadora Social** os cales foron os encargados de mercar algodóns e fabas. Por outra banda, os cativos xa tiñan traído días anteriores iogures valeiros para realizar a actividade. Cada neno, terá que estar supervisado por un maior e deberán xuntos introducir o algodón un pouco mollado no vaso xunto ca legume. O cabo dunha semana, xuntáronse outra vez os nenos e maiores e viron como brotou aquela semente, polo que os maiores fixéronse cargo de explicar o proceso que se levou a cabo para que acontecera aquilo. Esta actividade, permitiu manter os colectivos unidos e serviu de axuda para ambos xa que se fomentaron as relacións interpersoais entre os colectivos.

10

- **5, 6, 7 e 8 de Agosto** iniciouse un pequeno roteiro as redores do colexio de Luíntra. Esta actividade estivo dirixida por as **4 persoas voluntarias** e tivo como destinatarios os nenos/as do colexio de Luíntra xunto cos maiores da residencia de Luíntra. Cada neno/a tivo que ir acompañado dun maior e polo camiño ían recollendo as diferentes follas que se ían atopando. Unha vez, recolectadas todas as follas tiveron que seleccionalas en función do tipo de folla que era e a súa vez xuntalas por grupos. Esta actividade, caracterizase por ter unha dobre vertente; por unha banda fomenta as relacións entre maiores e adultos e por outro ensinar os tipos de follas que hai.

11

- **3,4 e 6 de setembro** creouse un álbum de follas a partir de materiais reciclados. Esta actividade estivo supervisada por as **4 persoas voluntarias** e os maiores da residencia de Luíntra que ademais foron os encargados de acompañar os pequenos na recolecta de follas nas zonas deforestadas o que causou un traballo bastante complexo así mesmo, recolleron cortezas das árbores para facer as portadas do álbum. As follas, foron as grandes protagonistas polo que o carón de cada unha delas ía unha explicación acorde a folla. Esta manualidade, permitiu unha vez mais manter unidos os maiores e os cativos promovendo as relacións entre eles. Non obstante, os nenos/as puideron visualizar en primeira persoa a gran deforestación que estamos a sufrir nos nosos bosques é a importancia de reciclar e dar unha segunda vida.



12

- **19,20,23 y 24 de setembro** levouse a cabo unha actividade de limpeza de residuos na praza principal de Luíntra debido a gran cantidade de materiais non biodegradables que se atopan no chan. os encargados de levala a cabo foron as 4 persoas voluntarias que se encargaron de cronometrar o tempo e darlle unhas bolsas baleiras para depositar o lixo. A actividade destinouse os nenos/as do colexio de Luíntra e os maiores da residencia de Luíntra. Cada un dos nenos/ as estivo acompañado por un maior o cal tivo que axudar nun tempo de 5 minutos a recoller todo o lixo que atopasen. Unha vez rematou o tempo contaronse os residuos que houbo en cada unha das bolsas e deuselle un diploma o equipo gañador como recompensa. obtiveronse moi bos resultados debido a que por unha banda as relacións interpersoais entre eles aumentaron e por outra os nenos/as e maiores adquiriron coñecementos sobre cales son materiais biodegradables e cales non.

13

- **1,2,3 de outubro** levouse a cabo un taller de manualidades con produtos reciclados. esta actividade estivo instruída por as 4 persoas voluntarias que xunto coa Educadora social encargaronse de mercar rotuladores para teas. Os participantes foron os nenos/as do colexio os cales tiveron que levar unha camiseta bella e coa axuda dos maiores da residencia farián os seus propios deseños. Unha vez rematados tiveron que deixalos a secar para poder polos. Esta actividade amosalles a importancia de darlle unha segunda vida as cousas e polo tanto a necesidade de mellorar e preservar os recursos naturais e reducir a necesidade de extraer e procesar novos.


14

- **16,17,22 y 23 de outubro** levouse a cabo un taller no que se recolleron unhas normas de sustentabilidade. Para elo, as **4 persoas voluntarias** xunto coa **Educadora Social** encargaronse de mercar cartolinas de cores para repartilas entre os nenos/as do colexio de Luíntra e os maiores da residencia de Luíntra. A actividade consistiu en que cada neno/a acompañado dun maior tivo que escribir na cartolina unha norma de sustentabilidade que se levase a cabo no día a día. Unha vez, que se tiveron todas as normas escritas farase un debate común para ver cales son as mais repetidas e pola contra cales son as que menos se fan. Como resposta, se obtiveron resultados bastante optimos xa que grazas a axuda dos maiores a os cativos estiveron moi ben aconsellados e puidose afianzar mellor e en consecuencia os consellos que lle ian dando os maiores como por exemplo: pechar o grifo cando un se esta lavando os dentes, pechar a auga cando estas na ducha lavando o cabelo etc...



Obxectivos

Unha vez finalizou o proxecto analizáronse os resultados onde se viu que os obxectivos que se habían proposto foron acadados con éxito, xa que grazas as actividades realizadas se fomentaron as relacións interpersoais entre ambos colectivos e ademais reforestáronse zonas do rural que se atopaban danadas por diversos fenómenos.



Orzamento

.Retribucións de carácter extraordinario ao persoal de entidades locais.	15.545,04€
Gastos das persoas voluntarias.	1.224,00€
Materiais tanxibles:	
Total	16.769,04

Fontes de financiamento

Subvención solicitada	15.000€
Fondos propios	1.769,04
Total	16.769,04



Financiado por la
Unión Europea
NextGenerationEU



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN
Teléfono: Administración 988 20 10 23 - 988 20 10 03 - Servizo Social 988 20 11 22 - Ofc. Cultura 988 20 13 25
Fax 988 20 11 20 - www.concellode nogueira.com Fax 988 20 18 10 - Email: nogueira_3_32160@OURENSE

Marzo

Lu.	Ma.	Me.	Xo.	Ve.	Sá.	Do.
				1	2	3
4 Deseno e planificación das actividades que se van levar a cabo durante estes meses	5 Deseno e planificación das actividades que se van levar a cabo durante estes meses	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15 Deseño e preparación da charla e o powerpoint.	16	17
18 Charla informativa sobre a importancia da sustentabilidade no medio ambiente.	19 Charla informativa sobre a importancia da sustentabilidade no medio ambiente	20 Presentación do powerpoint para os/as nos/as do colexio e aspersoas maiores da residencia de Luítra.	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31



Abril

Lu.	Ma.	Me.	Xo.	Ve.	Sá.	Do.
1	2	3	4	5	6	7
8 Explicación do Obradoiro sobre "A importancia de aprender a reciclar".	9 Recollida dos materiais necesarios para por en marcha a actividade, porexemplocaixas, cores.	10 Pintar as caixas de cores a modo de contedores de lixo.	11	12	13	14
15	16 Recollida e selección dos diferentes obxectos que traen os nenos/as para a postreior selección de materiais.	17 Colocar os obxectos en función do material do queesteafeito en cada un dos contedores.	18	19	20	21
22	23	24	25 Planificación da excursión polo embalse do encoiro de Cachamuiñacos/as nenos/as de primaria do colexio de Luíntra	26 As 4 persoas voluntarias terán que facerunhalistaxe dos/as nenos/as que irán e dos materiais necesarios	27	28
29 Posta en marcha da excursión polo catamarán	30					



Maio

Lu.	Ma.	Me.	Xo.	Ve.	Sá.	Do.
		1 Deseño do obradoiro de debuxo sobre elementos da natureza.	2 Deseño do obradoiro de debuxo sobre elementos da natureza.	3	4	5
6 Colorear diversos debuxos sobre os elementos da natureza.	7 Colorear diversos debuxos sobre os elementos da natureza.	8 Debate sobre o tema do medio ambiente “ Materiais perxudiciais para o planeta e cales non”	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22 visualización dun documental relacionado coa sustentabilidade	23 Ao rematar o documental as 4 persoasmaiores da residencia encargaranse de facerlle preguntas ós/as nenos/as do colexio	24	25	26
27	28	29	30	31		



Xuño

Lu.	Ma.	Me.	Xo.	Ve.	Sá.	Do.
					1	2
3 Programación dunha charla informativa sobre a importancia de aforrar a auga.	4 Programación dunha charla informativa sobre a importancia de aforrar a auga.	5	6	7	8	9
10 Inicio da charla sobre as posibles medidas a ter en conta para aforrar a auga, xunto coa axuda das persoas voluntarias e aspersosmaiores da residencia.	11 Charla sobre as posibles medidas a ter en conta para aforrar a auga, xunto coa axuda das persoas voluntarias e aspersosmaiores da residencia.	12 Debate no que se esclarecerán dúbidas e tamén se falará sobre as posibles medidas a ter en conta para aforrar a auga, xunto coa axuda das persoas voluntarias e aspersosmaiores da residencia.	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30



Xullo

Lu.	Ma.	Me.	Xo.	Ve.	Sá.	Do.
1	2	3 Inicio do Obradoiro sobre "Sementar unha horta no invernadoiro " Os 4 voluntarios encargaránse de mercar as sementes.	4	5	6	7
8 Preparar a terra e prantar as sementes os nenos xunto coas persoas maiores e as 4 persoas voluntarias.	9 Regar e supervisar tódolos días	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19 Inicio e explicación Obradoiro sobre a importancia dos beneficios que aporta a natureza ao ser humano.	20	21
22 As 4 persoas voluntarias encargaránse de traer ioguresbaleiros e uns cantos legumes para prantaxunto cosalgodóns	23 Repartirans e os nenos os ioguresbaleiros e terán que porlle os legumesxunto cosalgodónsmollados.	24 Todos os nenos/as terán o seuiogur plantado e terán que regalo cada dous días para ver como vai medrando	25	26	27	28
29	30	31				



Agosto

Lu.	Ma.	Me.	Xo.	Ve.	Sá.	Do.
			1	2	3	4
5 Inicio da excursión para a búsqueda de follas de distintos tipos	6 Preselección de todas as follas que se atoparán.	7 Seleccionar 10 follas diferentes para cada neno/a e a súa selección en función do tipo que é	8 Porán encima de cada mesa o conxunto de follas que pertezcan o mesmo tipo.	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	



Setembro

Lu.	Ma.	Me.	Xo.	Ve.	Sá.	Do.
						1
2	3 Mercar o material reciclado para poder facer o álbum	4 Pegaránse as follas no álbum e o seu carón incorporase o tipo de folia que é	5	6 Pegaránse as follas no álbum e o seu carón porase o tipo de folia que é	7	8
9	10	11 é	12	13	14	15
16	17	18	19 Actividade interxeracional da limpeza de residuos na praza de Luíntra.	20 Cada persoamaior irá cun nenno e encargarse de recoller todo o lixo que atopen no tempo de 5 minutos	21	22
23 Cada persoamaior irá cun nenno e encargarse de recoller todo o lixo que atopen no tempo de 5 minutos	24 Todos os maiores e nenos aparecerán na praza de Luíntra e contarán cantos residuos recolleron e a persoagañadora recibirá un diploma.	25	26	27	28	29
30	31					



Outubro

Lu.	Ma.	Me.	Xo.	Ve.	Sá.	Do.
	1 Inicio do obradoiro de “manualidades con produtos reciclados” As 4 persoas voluntarias encargaránse de mercar as pinturas necesarias.	2 .Todos os nenos/as do colexio terán que levar unha camiseta branca vella	3 Os nenos/ as encargaranse de Pintar as camisetas con diferentes debuxos para darlle unha segunda vida. Unha vez rematadas deixaránse secar durante 48h.	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16 Inicio do obradoiro sobre “As normas de sustentabilidade”	17 As 4 persoas voluntarias encargaránse de mercar as cartolinas necesarias para facer a actividade.	18	19	20
21	22 Cada neno/a estará supervisada por unha persoa maior que neste caso a axudará a plasmar na cartolina unha norma de sustentabilidade.	23 Unha vez escritas todas as normas deberán poñelas en común diante dos compañeiros, e na fin de semana na casa pensarán se as leván a cabo ou non	24	25	26	27
28	29	30	31			



Avaliación

Esta parte do proxecto comprende as actividades que finalmente se levaron a cabo e os resultados que se obtiveron.

No que respecta os obxectivos expostos, unha vez levadas a cabo as actividades analizáronse os resultados obtidos no que se visualizou que se acadaron en liñas xerais. Xa que por un lado, as relacións interpersoais entre maiores e cativos afianzáronse por que as xornadas que se levaron a cabo permitíronlles promover de maneira beneficiosa esas relacións ademais de ser unha maneira excepcional de aprendizaxe para os nenos.

E por outro, mellorouse moito a sustentabilidade medio ambiental debido a reforestación de moitas zonas que se atopaban danadas. Aínda que, non foi un traballo sinxelo por que tívose que ter en conta diferentes factores adversos como por exemplo: chans pobres, insolacións, falta de auga, ventos fortes etc...

Este proxecto permitiu a poboación ter unha idea moito mais clara da importancia da sustentabilidade medioambiental para conseguir un desenvolvemento sostible que permita facer un uso adecuado dos recursos naturais. Tamén permitiu favorecer a dinamización do noso concello. Polo tanto considero que é moi interesante seguir promovendo e fomentando este tipo de proxectos xa non so dende a administración local senón tamén dende a administración autonómica.

É a nosa obrigación como seres humanos tomar conciencia e promover un desenvolvemento económico e social que non ameace nin degrade o medio ambiente, de maneira que non se comprometan os recursos naturais para as novas xeracións.

Nogueira de Ramuin, 31 de outubro de 2024

ASDO: LUCIA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ



Financiado por la
Unión Europea
NextGenerationEU



R
Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN
Teléfono: Administración 988 20 10 23 - 988 20 10 03 - Servizo Social 988 20 11 22 - Ofi. Cultura 988 20 13 25
Fax 988 20 11 20 - www.concellodegraduado.com Fax 988 20 18 10 - Email: Programa_2_2016@CONCELLODERAMUIN.GAL